

DÍA DAS LETRAS CALEÇAS 2021 _ XELA ARIAS

"Do xeito en que me sinto quen de amarte
parte un vagalume"

...
"Denuncia do equilibrio" Xela Arias



XELA ARIAS: VIAXE A UNHA MESMA a cargo da poeta Yolanda Castaño

Teatro AS TORRES de SANTA CRUZ
xoves, 13 de maio, ás 20 horas



A poeta Yolanda Castaño contaranos a vida de Xela Arias e mostraranos como xa na infancia da escritora se albiscaban os valores que guiarán o seu camiño: queimar vellos prexuízos, desoir expectativas, rebelarse contra as imposicións, e non deixarse guiar por modelos de segunda man...

A biografía de Xela Arias é a aventura radical de chegar a ser unha mesma.

Xela Arias (Sarria, 1962 - Vigo, 2003): Poeta, tradutora e editora, desenvolveu o seu traballo profesional en Edicións Xerais entre 1980 e 1990. Tras licenciarse en Filloxía, exerceu como profesora de ensino secundario ata o seu falecemento. Algunhas das súas obras foron: *Denuncia do equilibrio* (1986); *Tigres coma cabalos* (1990), en colaboración co fotógrafo Xulio Gil; *Dario a diario* (1996); *Intempérome* (2003).

Realizou numerosas traducións, labor pola que recibiu recoñecementos como: Medalla do Prémio de Tradución Sociedade de Lingua Portuguesa, o Premio Ramón Cabanillas de Tradución ou o Premio Plácido Castro.

A súa voz poética está marcada pola innovación e unha intención transgresora da palabra.

Yolanda Castaño: Escritora, tradutora, crítica literaria e unha activa dinamizadora cultural. Biógrafa de Xela Arias na obra titulada *Xela quixo ser ela: Biografía de Xela Arias*, publicada por Edicións Xerais, na colección Merlín.

En atención ás indicacións e medidas de seguridade fronte a COVID-19, a presentación terá capacidade limitada e será obrigatorio manter a distancia de seguridade e asistir con máscara, así como atender as indicacións e normas da organización.

Invítase ás persoas que desexen asistir ata completar a capacidade permitida.